



## Concello de Vilalba

### BASES DO CONCURSO DE ENTROIDO

#### **Contido Bases Legais Concurso**

##### **1. Obxecto e finalidade**

O Concello de Vilalba, a través da súa Concellería de Educación, Infancia e Mocidade, Feiras e Mercados e Turismo, convoca o concurso de ENTROIDO 2021, co obxecto de incentivar a participación cidadá con motivo da celebración do Entroido.

##### **2. Persoas ás que se dirixe**

Para participar neste concurso establécense dúas modalidades segundo formato: **Vídeo** e **Fotografía**, coas seguintes categorías para infantil, adultos e familiar.

**Categoría Infantil (individual):** ata 12 anos (nados entre o 2009 e 2021)

**Categoría Adultos (individual):** dende os 13 anos. (nados entre o 2008 e anteriores)

**Categoría Familiar:** persoas conviventes, incluíndo parellas.

##### **3. Modalidades.**

###### **Modalidade de FOTOGRAFÍA.**

Consiste na presentación de fotografías coa temática do Entroido, que deberán reunir as seguintes especificacións :

- \_ serán realizadas en calquera lugar exterior do Concello de Vilalba.
- \_ a fotografía deberá ter como denominación o título da proposta do disface.
- \_ a fotografía deberá adxuntarse como arquivo en formato JPG ou PNG (non se acepta formato PDF).

###### **Modalidade de VÍDEO.**

Consiste na elaboración dun vídeos coa temática do Entroido, que deberá reunir as seguintes especificacións

- \_ duración máxima de 15 segundos.
- \_ poden realizarse en interior ou en exterior
- \_ será valido o uso de apps para a gravación ou edición do vídeo
- \_ deberá dársele ao vídeo un título.

###### **Para ambas modalidades terase en conta:**

\_\_ Unha mesma persoa poderá participar nas dúas modalidades (fotografía e vídeo) e en distintas categorías (infantil e familiar ou adulto e familiar) sempre que non se utilice o mesmo disface.

\_\_ Deben cumprir en ambas modalidades a normativa vixente da COVID-19, no seu defecto será desqualificado automaticamente.

BASES APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA O 18 DE XANEIRO DE 2021

Asdo. A Secretaria

Ana M.<sup>a</sup> Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE



Cód. Validación: 5Q8K4H2QLKE4JFEKJ69KWWCH | Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páquina 1 de 7



## Concello de Vilalba

---

### **MODALIDADE PREMIO ESPECIAL FACEBOOK**

A totalidade dos vídeos e fotos achegados en prazo subiranse ao facebook do Concello e permanecerán publicados dende o **6 ata o 14 de febreiro ata as 23:59** horas aos efectos de que podan ser votados. O disfrace coa foto e o vídeo máis votado terá o premio especial de 50 euros en cada modalidade (foto e vídeo). No caso de empate, teranse en conta o número de “encántame”, e en todo caso as reaccións ás fotos e vídeos deberán ser positivas para que contabilicen.

#### **4. Criterios de valoración.**

Os criterios de valoración son:

- Creatividade: de 0 a 5 puntos
- Orixinalidade: de 0 a 5 puntos
- Posta en escena: de 0 a 5 puntos
- Confección do disfrace: de 0 a 5 puntos
- Humor: de 0 a 5 puntos

No caso de empate na puntuación obtida, o xurado establecerá o mecanismo para desempatar.

#### **5. Prazo e lugar de presentación.**

As fotografías e vídeos acompañados do Anexo I debidamente cumprimentado presentaranse por calquera dos medios de presentación recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento común das administracións públicas, a través da sede electrónica do Concello <https://vilalba.sedelectronica.es/> ou ben presencialmente por rexistro, en horario de 9:00h a 14:00h.

No caso de que o medio elixido para a presentación da inscrición non permita achegar os vídeos e fotografías no formato esixido nas bases, indicarán isto na instancia de participación e procederán, dentro do prazo fixado nas presentes bases, ao envío da fotografía como arquivo adxunto ao correo [entroido@vilalba.es](mailto:entroido@vilalba.es), e do vídeo mediante o **nº de whatsapp 639 94 63 07**, debendo figurar como asunto o nome da persoa/s participante/s e o título do vídeo ou/e fotografía.

O prazo para presentar os vídeos e fotografías e así participar no concurso en calquera das súas modalidades comezará a contar dende a data de publicación das presentes bases ata o **4 de febreiro ás 14:00h**.

A participación no Concurso implica a aceptación das presentes bases.

---

BASES APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA O 18 DE XANEIRO DE 2021

Asdo. A Secretaria

Ana M.<sup>a</sup> Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE



Cód. Validación: 5Q8K4H2QLKE4JFEKJ69KWWVCH | Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Pághina 2 de 7



## Concello de Vilalba

### 6. Premios.

Destínase un crédito máximo de **1.900€** que se imputará á aplicación orzamentaria **338.48942** do orzamento municipal do exercicio 2021, prorrogado do 2019, para as axudas ás comparsas que participen nos actos programados con motivo do Entroido. Estes **1.900€** repartiranse de acordo a estes criterios:

PREMIOS		
MODALIDADE FOTOGRAFÍA.		
CATEGORÍAS		
INFANTIL de 0 a 12 anos (nados entre o 2009 e 2021)	ADULTOS máis de 13 anos (nados 2008 e anteriores).	FAMILIAR
1º premio: 100€ 2º premio: 75€ 3º premio: 50€	1º premio: 100€ 2º premio: 75€ 3º premio: 50€	1º premio: 200€ 2º premio: 150€ 3º premio: 100€

MODALIDADE VÍDEO.		
CATEGORÍAS		
INFANTIL de 0 a 12 anos (nados entre o 2009 e 2021)	ADULTOS máis de 13 anos (nados 2008 e anteriores).	FAMILIAR
1º premio: 100€ 2º premio: 75€ 3º premio: 50€	1º premio: 100€ 2º premio: 75€ 3º premio: 50€	1º premio: 200€ 2º premio: 150€ 3º premio: 100€

<b>PREMIOS ESPECIAIS FACEBOOK</b> (Infantil, Adulto e Familiar) Acumulables a outros premios	<b>_ Modalidade fotografía. 50 €</b> <b>_ Modalidade Vídeo. 50 €</b>
--	---

Estas axudas estarán suxeitas ás retencións fiscais establecidas na lexislación vixente.

Os premios aboaranse a través dunha **transferencia bancaria**, previa presentación do certificado co número de conta.

### 4. Xurado.

O xurado estará composto por cinco membros e será presidido pola Alcaldesa Elba Veleiro Fernández ou persoa que a substitúa, e actuando de secretaria o/a técnica/o

BASES APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA O 18 DE XANEIRO DE 2021

Asdo. A Secretaria

Ana M.ª Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE



Cód. Validación: 5Q8K4H2QLKE4JFEKJ69KWWVCH | Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Pághina 3 de 7



## Concello de Vilalba

---

de cultura, ou persoa que a substitúa, que farán constar o resultado do concurso na acta correspondente.

Tanto a composición dos membros do xurado como a resolución dos premios, faranse públicos na páxina web [www.vilalba.gal](http://www.vilalba.gal) e na Sede Electrónica do concello.

O xurado comprobará que os participantes reúnen as condicións requiridas nas bases, e a resultas desta comprobación procederá a outorgar aos participantes as puntuacións de conformidade cos criterios que figuran nas presentes bases e procederá a declarar aos gañadores de cada categoría.

O fallo do xurado darase a coñecer o día **16 de febreiro de 2021** a través das redes sociais do Concello e da páxina web.

### 7- Protección de datos de carácter persoal

As persoas participantes aceptan, mediante a súa participación neste concurso, a publicación das súas fotografías nas redes sociais, medios de comunicación e web do Concello de Vilalba; e os seus datos serán tratados de conformidade co recollido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a restante normativa aplicable na materia.

### 8.-Dereitos de imaxe.

Cada participante manifesta e responsabilízase de que ostenta os dereitos de imaxe e propiedade intelectual sobre todo o material presentado a concurso. A aceptación da participación supón dar o consentimento ao Concello de Vilalba para empregar as fotografías e vídeos como parte do material promocional se así os estima oportuno.

## ANEXO I FOLLA DE INSCRIPCIÓN - CONCURSO DE ENTROIDO 2021.

---

NOME DO DISFRACE: \_\_\_\_\_

### DATOS DO PARTICIPANTE

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

NIF: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_

E-mail: \_\_\_\_\_

---

BASES APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA O 18 DE XANEIRO DE 2021

Asdo. A Secretaria

Ana M.<sup>a</sup> Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE





## Concello de Vilalba

### DATOS DO/A REPRESENTANTE (EN CASO DE PARTICIPANTE/S MENORES DE IDADE, OU CATEGORÍA FAMILIAR)

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

NIF: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_

E-mail: \_\_\_\_\_

### MODALIDADE E CATEGORÍA A QUE SE ACOLLE (Marcar cunha cruz o que proceda)

FOTOGRAFÍA   
VÍDEO

Infantil (individual)   
Adulto (individual)

Familiar (conviventes)

### MEDIO DE PRESENTACIÓN DA FOTO/ VÍDEO.



Whatsapp: 639 94 63 07

Correo electrónico: [entroido@vilalba.es](mailto:entroido@vilalba.es)

Sede electrónica (<https://vilalba.sedelectronica.e>)

### DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE

- A) Fotocopia do DNI do representante.
- B) Fotocopia do DNI de cada un dos participantes ou dos seus representantes legais no caso de menores de idade, autorizando a participar no concurso e na publicación das súas fotografías ou vídeos nas redes sociais, medios de comunicación e web do Concello de Vilalba.
- C) Certificado de datos bancarios (certificación expedida pola entidade bancaria na que conste o número de conta e titular da mesma, tendo en conta que a titularidade debe ser representada polo representante do grupo).

### CONSTITUCIÓN.

Os/as abaixo asinantes, con DNI números,

### DECLARAN:

- Que con data \_\_\_\_\_ procedeuse a constituír a organización do disfrace para o **ENTROIDO 2021** composta dos/as seguintes membros:

NOME E APELIDOS	NIF	DATA NACEMENTO	NOME E APELIDOS do representante legal no caso de menores	NIF do representante	SINATURA

BASES APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA O 18 DE XANEIRO DE 2021

Asdo. A Secretaria

Ana M.<sup>a</sup> Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE





## Concello de Vilalba


- Que nesta data nomeouse D/Dna. \_\_\_\_\_ como representante xeral destes disfraces para as relacións co Concello de VILALBA, para presentar a solicitude e para o cobro da subvención, quen asina en primeiro lugar desta relación.

- Que D/Dna. \_\_\_\_\_ non está incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para recibir subvencións da Administración Pública que determinan os artigos 13.2 e 3 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

- Que a comisión organizadora solicita a súa participación no concurso do Entroido de VILALBA con data de **16 de febreiro de 2021**.

- Que aceptan, mediante a súa participación neste concurso, a publicación das súas fotografías nas redes sociais, medios de comunicación e web do Concello de Vilalba con motivo do Entroido 2021.

- Que estes se compromete a levar a cabo as actividades recollidas nas bases reguladoras das axudas.

- Que segundo dispón o artigo 11 da Lei Xeral de Subvencións, todos/as os/as abaixo asinantes asumen o compromiso de execución da actividade subvencionada e que o importe da subvención aplicarase mediante a súa división entre o número de membros.

- Así mesmo os/as abaixo asinantes declaran:

1. Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de VILALBA.
2. Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**BASES APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA O 18 DE XANEIRO DE 2021**

Asdo. A Secretaria

Ana M.<sup>a</sup> Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE





## Concello de Vilalba

---

3. Non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade previstas nos artigos 13.2 e 3 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

4. Que este grupo familiar non dispón de conta bancaria habilitada como grupo polo que solicita que o ingreso da axuda en concepto de participación no Entroido de VILALBA se faga efectivo na seguinte conta bancaria \_\_\_\_\_ .

**(achegase tamén Certificado Bancario do/a representante).**

VILALBA, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021.

Sinaturas do/s participantes:

### S. S<sup>a</sup> A ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE VILALBA

*Os datos aportados nesta inscrición serán tratados de conformidade co recollido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a restante normativa aplicable na materia.*

---

BASES APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA O 18 DE XANEIRO DE 2021

Asdo. A Secretaria

Ana M.<sup>a</sup> Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

